



En relación coa petición feita no Comité P. de caza de Ourense de permitir a caza Ao Salto, na próxima tempada de caza do paspallás nos terreos da antiga lagoa de Antela, na Limia, e tendo en conta os argumentos manifestados tanto pola Federación Galega de Caza como por UNITEGA, temos que rexeitar a petición en base ás seguintes razóns:

1ª.-A caza **ao salto** é unha modalidade tradicional en Galicia para a caza menor, pero a caza do paspallás na Limia tal e como se practica na actualidade non é tradicional e non é comparable á caza menor polas circunstancias, o lugar e a época.

2ª.-Non hai ningunha razón obxectiva para admitir que a caza **ao salto** sexa mais segura que **en mano**, tanto a unha coma a outra practícanse dende sempre, pero cando caza un grupo de persoas en terreos con matogueiras ou obstáculos no terreo, o normal é cazar **en mano** precisamente para evitar accidentes.

3ª.-O feito de obligar a cazar coordinadamente ao grupo é o que aporta seguridade, o mesmo que ocorre en outras modalidades de caza como a montería ou os ganchos.

-Non é igual sair a cazar perdiz, arcea ou incluso lebre ao salto, en espazos amplos, onde non é fácil determinar previamente o lugar onde está a peza, que cazar o paspallás nun entorno limitado, con zonas moi concretas onde se van a xuntar e onde haberá lugares que, por estar colleitados mais altos, con mais herbas, con auga para beber, etc, haberá concentración de exemplares e onde, lóxicamente, todos os cazadores van querer cazar.

4ª.-A maior independencia do cazador tamén implica menos control por parte dos Axentes e Gardas, mais posibilidades de poder esconder pezas e poder sobrepasar o cupo sen que os compañeiros de partida te podan ver.

5ª.-O feito de que quen caza descoñeza a situación do resto dos cazadores, pode dar lugar a mais accidentes, tendo en conta que o vo do paspallás e baixo, que pode sorprender na súa saída e que dispárase con rapidez.

6ª.-Non é normal, en ningunha modalidade que, cando un grupo de persoas van cazar nun espazo concreto e relativamente reducido, coa caza localizada, se cace **ao salto** e non **en mano** ou con outra modalidade onde o cazador esté localizado e fora do alcance dos disparos dos outros cazadores.

Santiago de Compostela, 16 de xuño de 2010
O subd. x. de Recursos Cinexéticos e Piscícolas

Emilio Rosa Solana
FLORENCIO BLANCO CONDE. PRESIDENTE DE UNITEGA.- OURENSE.

